

Comunicado nº 242/19

27 de setembro de 2019

PLANS E PROGRAMAS DA SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA

Con relación ao convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral Para o Deporte, da Xunta de Galicia, e a Federación Galega de Automobilismo no exercicio 2019 se recollen, entre outras obrigas, a de asegurala presenza da Secretaría Xeral Para o Deporte en termos publicitarios (Cláusula 4.4.1.e):

- *Incluída identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a publicidade que realice a federación, sexa por cartelería, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluída internet para a difusión da súa actividade, facendo fincapé na colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte. Do mesmo xeito, a federación deportiva deberá responsabilizarse da presenza publicitaria nos diferentes eventos do seu calendario, independentemente da delegación da organización destes noutra entidade deportiva, empresa privada ou calquera outro posible organizador.*

Con respecto ás obrigas de publicidade, aos efectos de facilitar o seu axeitado cumprimento, achégase enlace ao **“Manual de identidade corporativa da Xunta de Galicia”**: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>
Tamén se achega, a efectos explicativos e de mostra de exemplos gráficos, o Manual corporativo para o patrocinio da Xunta de Galicia e Deporte Galego.

Do mesmo xeito, recórdase da obriga de informar a Federación Galega de Automobilismo e a Secretaría Xeral Para o Deporte a intención de solicitar calquera competición de carácter internacional, nacional, ou autonómica, así como as datas e sedes de celebración dos eventos de relevancia, incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos a súa presentación, garantizando a presenza insitucional da Federación Galega de Automobilismo e da Secretaría Xeral Para o Deporte, da Xunta de Galicia.

Nota: Para velo arquivo, do manual corporativo para o patrocinio da Xunta de Galicia e Deporte Galego, pincha enriba:

